



Xabier Quiroga
Creador de 'Se buscabas un deus'

"Sempre haberá alguén que se rebele contra o poder"

'Se buscabas un deus' é a última novela de Xabier Quiroga, un escritor que se deu a coñecer coa novela 'Atuado na Braña'. A editorial Xerais publicou estas dúas obras. "Non quixen facer unha segunda parte de 'Atuado na Braña', senón algo diferente. Aquela tiña un protagonista maduro, e nesta é un mozo. Esta mira ó futuro, aquela ó pasado. A temática cambiou, e tamén o estilo: de terceira persoa omnisciente, a narrador omnisciente pero en primeira persoa, con diálogos integrados...", explica o autor. A trama de 'Se buscabas un deus' xira en torno á busca da verdade e da liberdade. "A novela fala das novas tecnoloxías, dos movementos antiglobalización, e dunha estrutura de poder que se vai consolidando. Escribina na época de Bush e Aznar, nun contexto opresivo e de pensamento único. É un tema xa coñecido, que quixen achegar á sociedade galega", afirma o autor. A obra combina unha mensaxe pesimista cun certo atisbo de esperanza. "Ó final o poder acaba esmagando ás persoas, ó individuo. Pero é certo que sempre vai haber xente que se rebele, coma o protagonista, un mozo. Vivimos nun mundo de control, de consumo, cun poder que nos seduce a través da calidade de vida, pero hai cousas máis importantes", cre Quiroga. 'Se buscabas un deus' é unha novela de case cincocentas páxinas. "Ten unha estrutura de certa complexidade. É unha novela completa, que esixe un esforzo para lela, pero que se segue fácil. Tamén dependerá do momento no que te colla", destaca. Quiroga afirma ser "a mesma persoa desde a primeira novela. Mantense sempre o teu estilo persoal, que creas inconscientemente. Só quero escribir e estar contento co que escribo, que debe ter certa calidade e nivel. Tampouco son un escritor profesional, vou a pasiño". Este creador recoñece o mérito das editoriais galegas. "A literatura galega depende moito do ensino e da subvención, e é subsidiaria da castelá. É un pracer meterse neste mundo de resistencia, de loita de pequeno país", pensa.